

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA, A  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E  
UNIVERSIDADES E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,  
PARA A CREACIÓN E O DESENVOLVEMENTO DA CÁTEDRA  
INSTITUCIONAL ROSALÍA DE CASTRO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA

Santiago de Compostela, 04 de outubro de 2023

**REÚNENSE**

Don Antonio López Díaz,-reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), nomeado mediante o Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG núm. 56, do 22 de marzo), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario.

Don Miguel Santalices Vieira, presidente do Parlamento de Galicia, que actúa no seu nome e representación, ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, do 1 de setembro de 1983 modificado o 6 de agosto de 2015, e segundo o acordo do Pleno do Parlamento de Galicia, relativo á elección dos membros da Mesa (DOG número 159, do 7 de agosto de 2020).

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, nomeado mediante o Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG núm. 94, do 16 de maio), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

As partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos con plena capacidade xurídica e de obrar e, coa representación competencial que posúen, recoñécense capacidade plena para se obrigaren nos termos deste convenio e

## **EXPOÑEN**

**Primeiro.** Que o Parlamento de Galicia é un poder estatutario que ten como función representar o pobo de Galicia. É a primeira das institucións da Comunidade Autónoma galega da que derivan todas as outras. Está facultado para exercer os poderes públicos de Galicia, xunto coa Xunta de Galicia e o seu presidente, segundo dispoñen os artigos 9 e 10 do Estatuto de autonomía de Galicia e de conformidade coa Constitución española. No ámbito das súas funcións, ten especial relevancia a defensa da lingua e da cultura de Galicia como valores indiscutibles e fundamentais da riqueza patrimonial e cultural galega. E, neste ámbito, é de grande interese para a Institución manter e divulgar a vida e a obra de Rosalía de Castro para proxectar a súa figura nas súas múltiples dimensións.

**Segundo.** Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística (en diante, SXPL), pretende colaborar no desenvolvemento de iniciativas conxuntas co Parlamento de Galicia e coa USC para prestixiar e promover no eido universitario a estima do galego e o estudo académico e crítico da obra e da figura da escritora Rosalía de Castro, mediante a creación da Cátedra Institucional Rosalía de Castro da USC, concibida para reforzar a proxección e o coñecemento desta escritora tanto no ámbito galego como en España e a nivel internacional. Esta Cátedra terá carácter investigador e divulgativo e incardinarse dentro da estrutura académica da USC.

**Terceiro.** Que a Universidade de Santiago de Compostela (en diante, USC) é unha institución de dereito público que ten como finalidade a prestación do servizo público da educación superior mediante a docencia, o estudo e a investigación.

Segundo o Regulamento de creación e réxime de funcionamento de cátedras institucionais da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 7 de febreiro de 2020 e modificado por acordo do Consello de Goberno do 19 de xuño de 2020, as cátedras institucionais son instrumentos específicos de colaboración da USC tanto con empresas coma con outras entidades (fundacións, asociacións, centros de investigación, administracións públicas ou calquera outra organización con personalidade xurídica propia), coa finalidade de desenvolver e de



XUNTA  
DE GALICIA



incrementar a oferta de actividades complementarias que contribúan á difusión da cultura e das letras galegas.

En virtude do exposto, e co obxecto de fixar as condicións que rexerán tal colaboración, as partes conveñen a formalización deste convenio de conformidade para a crea

ción da Cátedra Institucional Rosalía de Castro, como honra a escritora galega máis universal, recordada por publicar a primeira grande obra en lingua galega, Cantares Gallegos, no ano 1863, e por ser a precursora da poesía española e referente do Rexurdimento, proceso clave no eido literario, e tamén no social e político.

## CLÁUSULAS

### Primeira. Obxecto

O obxecto deste convenio é regular as condicións básicas de colaboración entre o Parlamento de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade de Santiago de Compostela para a creación e o desenvolvemento das actividades da Cátedra Institucional Rosalía de Castro, coa finalidade de dedicarse ao estudo académico e crítico da obra e da figura desta escritora e do seu tempo.

A Cátedra Institucional Rosalía de Castro configúrase como un foro para a execución de actividades e programas docentes e formativos, académicos, de estudo, divulgativos e de fomento e promoción da vida e da obra de Rosalía de Castro.

### Segunda. Obxectivos da Cátedra

Todas as actividades da Cátedra estarán dirixidas á consecución dos seguintes obxectivos:

- a) A difusión dos valores asociados coa obra e a figura da escritora.
- b) A promoción da investigación científica no campo do estudo académico e crítico da obra de Rosalía de Castro e do seu tempo.
- c) A realización de cursos, seminarios, conferencias e cantas actividades académicas redunden na difusión, coñecemento, innovación e desenvolvemento do estudo da obra da escritora.



XUNTA  
DE GALICIA



- d) A promoción e organización de actividades académicas que contribúan a facilitar a reflexión e o debate cultural e académico da obra de Rosalía de Castro.
- e) A colaboración co profesorado e cos departamentos universitarios para favorecer a colaboración entre o persoal investigador, os profesores e profesionais de sona internacional, o profesorado e os investigadores da USC, o Parlamento de Galicia e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e outras entidades que aborden o estudo da figura de Rosalía de Castro.
- f) A difusión do coñecemento das investigacións realizadas mediante publicacións e outras accións de comunicación.
- g) A creación e o mantemento dun fondo bibliográfico e documental sobre Rosalía de Castro.
- h) A promoción da inserción profesional do estudantado universitario e a súa participación, se é o caso, nas actividades realizadas pola Cátedra, como pode ser a través de prácticas académicas externas extracurriculares.
- i) A convocatoria de premios para traballos de investigación e concursos de ideas ou a través de xornadas de divulgación técnica, tecnolóxica, científica e cultural.

As actividades da Cátedra desenvolveranse en galego, castelán, inglés e en calquera outro idioma que se considere idóneo.

### **Terceira. Dirección da Cátedra: estrutura e funcións**

A estrutura da Cátedra estará constituída por:

- a) Unha Dirección, que actuará como un órgano unipersoal de dirección e xestión da Cátedra.
- b) Unha Comisión de Seguimento, que actuará como un órgano colexiado.
- c) Adicionalmente, poderán nomearse outros órganos consultivos, sempre que se xustifique a necesidade da súa existencia e resulten pertinentes atendendo á complexidade temática que derive das actividades da Cátedra.

A Dirección da Cátedra estará constituída por:

- O director ou directora, que será unha persoa de recoñecido prestixio profesional, técnico e científico, no ámbito temático correspondente, e que



terá unha vinculación permanente como persoal docente e investigador, con dedicación a tempo completo á USC. Tamén poderá ocupar este cargo unha profesora ou profesor emérito desta universidade. Será nomeado polo reitor, a proposta da vicerreitoría competente en materia de Cátedras Institucionais e unha vez oída a Comisión de Seguimento.

- Unha ou dúas codireccións, que serán ocupadas por persoas de recoñecido prestixio, designadas polo reitor, a proposta da vicerreitora ou vicerreitor competente en materia de Cátedras Institucionais, da Dirección da Cátedra, do Parlamento de Galicia e da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, de común acordo.

A duración da dirección e das codireccións vincúlase ao período de vixencia do convenio, incluídas as prórrogas, que poden ser designados novamente no suposto de que se renove o convenio ou ben cesar por decisión do reitor ou por renuncia aceptada deste.

A persoa que ocupe a dirección da Cátedra xestionará e dirixirá as actividades relacionadas co ámbito temático desta, de acordo coas directrices da Comisión de Seguimento e co apoio das persoas que ocupen a codirección. Reunirase e organizarase consonte os seus propios criterios e necesidades, e corresponderanlle as seguintes funcións:

- a) A representación da Cátedra nas reunións, accións ou actividades o requiran.
- b) A elaboración, organización, coordinación e desenvolvemento do plan anual de actividades e proxectos propios da Cátedra que previamente aprobe a Comisión de Seguimento.
- c) A elaboración e a xestión económica do orzamento anual necesario para levar a cabo as actividades programadas.
- d) A remisión de información á Comisión de Seguimento das accións, xestións ou actividades que se realicen.
- e) A preparación anual da memoria de actividades e económica e a súa presentación perante a Comisión de Seguimento.



- f) A achega á Comisión de Seguimento dos materiais divulgativos e publicitarios que se elaboren dentro do ámbito de actividade da Cátedra, unha vez que estean revisados e que se comprobe que compren a normativa de imaxe corporativa.

#### **Cuarta. Actividades da Cátedra**

A dirección da Cátedra elaborará un Plan de actividades da cátedra con carácter anual, que deberá de ser validado e aprobado pola Comisión de Seguimento descrita na cláusula seguinte.

Cada actividade realizarase de acordo cos termos e condicións que se establecen no correspondente proxecto, que deberá conter, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) Definición do obxectivo que se persegue.
- b) Descrición do plan de traballo, que incluírá as distintas fases deste e a cronoloxía para a seu desenvolvemento.
- c) Orzamento total desagregado por conceptos.
- d) Medios materiais e humanos que requira a actividade.
- e) Normas para a coordinación, execución e seguimento do proxecto.
- f) Nome da persoa designada como responsable da actividade polas diferentes partes do convenio.

As actividades inicialmente propostas para o período 2024-2027, ambos inclusive, son as seguintes:

| 2024                     |                                                                                                                                                                                            |        |
|--------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------|
| Actividade               | Descrición                                                                                                                                                                                 | Contía |
| Premios aos TFG e TFM    | Premios aos mellores TFG ou TFM que versen sobre a obra de Rosalía de Castro.                                                                                                              | 1500 € |
| Estudos de investigación | Convocatoria de axudas á investigación para o estudiantado de mestrado e doutoramento e para o persoal docente e investigador das universidades galegas sobre a obra de Rosalía de Castro. | 3000 € |

|                                                                      |                                                                                                                  |               |
|----------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|
| Difusión da actividades da Cátedra e da figura de Rosalía de Castro. | Deseño e implementación da páxina web propia da Cátedra e pímulas de comunicación nas redes sociais e na prensa. | 1500 €        |
| <b>Total:</b>                                                        |                                                                                                                  | <b>6000 €</b> |

| 2025                      |                                                                                                                                                                                            |                 |
|---------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------|
| Actividade                | Descrición                                                                                                                                                                                 | Contía          |
| Premios aos TFG e TFM     | Premios a aqueles TFG ou TFM que versen sobre a obra de Rosalía de Castro.                                                                                                                 | 1500 €          |
| Congreso de Investigación | Elaboración dun seminario de investigación sobre a obra de Rosalía de Castro.                                                                                                              | 5000 €          |
| Estudos de investigación  | Convocatoria de axudas á investigación para o estudiantado de mestrado e doutoramento e para o persoal docente e investigador das universidades galegas sobre a obra de Rosalía de Castro. | 3000 €          |
| Mantemento da web         | Custos derivados do aloxamento e das melloras na web.                                                                                                                                      | 500 €           |
| <b>Total:</b>             |                                                                                                                                                                                            | <b>10.000 €</b> |

| 2026                  |                                                                            |        |
|-----------------------|----------------------------------------------------------------------------|--------|
| Actividade            | Descrición                                                                 | Contía |
| Premios aos TFG e TFM | Premios a aqueles TFG ou TFM que versen sobre a obra de Rosalía de Castro. | 1500 € |



|                                                            |                                                                                                                                                                                            |                 |
|------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------|
| Estudos de investigación                                   | Convocatoria de axudas á investigación para o estudiantado de mestrado e doutoramento e para o persoal docente e investigador das universidades galegas sobre a obra de Rosalía de Castro. | 3000 €          |
| Implementación MOOC ou cursos baseados en microcredenciais | Vídeos e material didáctico sobre a obra de Rosalía de Castro para empregar en cursos abertos masivos e cursos microcredenciais.                                                           | 5000 €          |
| Mantemento da web                                          | Custos derivados do aloxamento e das melloras na web.                                                                                                                                      | 500 €           |
| <b>Total:</b>                                              |                                                                                                                                                                                            | <b>10.000 €</b> |

| 2027                      |                                                                                                                                                                                            |                 |
|---------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------|
| Actividade                | Descrición                                                                                                                                                                                 | Contía          |
| Premios aos TFG e TFM     | Premios a aqueles TFG ou TFM que versen sobre a obra de Rosalía de Castro.                                                                                                                 | 1500 €          |
| Congreso de Investigación | Elaboración dun seminario de investigación sobre a obra de Rosalía de Castro.                                                                                                              | 5000 €          |
| Estudos de investigación  | Convocatoria de axudas á investigación para o estudiantado de mestrado e doutoramento e para o persoal docente e investigador das universidades galegas sobre a obra de Rosalía de Castro. | 3000 €          |
| Mantemento da web         | Custos derivados do aloxamento e das melloras na web.                                                                                                                                      | 500 €           |
| <b>Total:</b>             |                                                                                                                                                                                            | <b>10.000 €</b> |

#### Quinta. Comisión de Seguimento da Cátedra

Para favorecer unha comunicación fluída entre as partes do convenio e co obxectivo de satisfacer as súas necesidades e mellorar a promoción e o seguimento das actividades e orzamentos que se desenvolvan dentro do ámbito de actuación da Cátedra, constituirase a Comisión de Seguimento coa seguinte composición, tres persoas por cada unha das institucións:

Polo Parlamento de Galicia:

- Letrado Oficial Maior ou a persoa na quen delegue.
- A persoa que exerza a Xefatura do Servizo de Publicacións do Parlamento.
- Un funcionario ou funcionaria ou persoal da Cámara que, por razón da materia, estea vinculada a tarefas relacionadas coa tramitación administrativa do convenio.

Pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da SXPL

- O secretario xeral de Política Lingüística.
- A subdirectora xeral de Planificación e Dinamización Lingüística da SXPL.
- - Un funcionario ou funcionaria ou persoal laboral da SXPL que, por razón da materia, estea vinculado a tarefas relacionadas coa tramitación administrativa do convenio.

Pola USC:

- O vicerreitor ou vicerreitora con competencias en Cátedras Institucionais, que presidirá as reunións desta comisión.
- O director ou directora da Cátedra.
- Un profesor ou profesora que, por razón da materia, estea vinculado á actividade da Cátedra.

Actuará como secretaria da Comisión a persoa que ocupe a Dirección da Cátedra.

Esta comisión reunirse, a petición de calquera dos seus membros, como mínimo, unha vez ao ano. Os acordos e o contido das reunións reflectiranse en actas escritas e asinadas. A totalidade das persoas integrantes desta Comisión de Seguimento terán dereito a voz e voto nas deliberacións e adopción de acordos.



XUNTA  
DE GALICIA



O réxime de funcionamento interno da comisión será o que resulte aplicable pola normativa básica dos órganos colexiados de carácter administrativo.

Corresponderalle á Comisión de Seguimento:

- Aprobar o plan anual de actividades, xunto co orzamento correspondente, ademais de calquera modificación deste.
- Recibir información puntual sobre a marcha das actividades e proxectos programados.
- A autorización e o establecemento das condicións de intervención doutras entidades que queiran colaborar na realización das actividades.
- Deliberar sobre calquera cuestión que poida xurdir relacionada coa Cátedra.
- Resolver as dúbidas, controversias e problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir na execución do convenio para a creación da Cátedra.

Correspóndelle á vicerreitoría con competencias na materia presentar perante o Consello de Goberno da USC a memoria económica e de actividades anuais da Cátedra.

#### **Sexta. Responsabilidade do proxecto e tarefas das partes asinantes**

1. A USC, o Parlamento de Galicia e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da SXPL, serán as encargadas de realizar as actuacións necesarias para desenvolver as actividades obxecto do convenio, nun proceso de colaboración continuo. As entidades asinantes, como coorganizadoras, terán unha participación activa e esencial na definición e desenvolvemento das tarefas da Cátedra e compartirán, nos termos que se indican, a titularidade na porcentaxe que corresponda e o uso dos materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

2. A participación do persoal da USC nas actividades recollidas neste convenio efectuarase conforme á regulamentación propia da USC establecida nos seus estatutos. Así mesmo, no caso de que participe persoal do Parlamento ou colaborador daquela institución, aplicarase a regulamentación propia da institución parlamentaria.

#### **Sétima. Obrigas das partes**

1. Obrigas do Parlamento de Galicia



XUNTA  
DE GALICIA

PARLAMENTO  
DE GALICIA



- Parlamento de Galicia participará activamente nas accións estratéxicas para a planificación da programación das actividades da Cátedra e, en especial, nos aspectos relacionados coa difusión e divulgación dos valores asociados á defensa da lingua e da cultura de Galicia e a promover e preservar o legado de Rosalía de Castro.
- Achegará o financiamento previsto na cláusula seguinte.

2. Obrigas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da SXPL:

- Participará activamente nas accións estratéxicas para a planificación da programación das actividades da Cátedra e, en especial, nos aspectos relacionados coas súas competencias en materia de normalización e dinamización lingüística para poñer en valor a vida e a obra de Rosalía de Castro.
- Achegará o financiamento previsto na cláusula seguinte.

3. Obrigas da Universidade de Santiago de Compostela:

- A USC proporcionará e facilitará un espazo físico de uso non necesariamente exclusivo e os medios materiais e dixitais necesarios para o desenvolvemento das actividades da Cátedra na Facultade de Filoloxía.
- Será a responsable da xestión económica dos fondos da Cátedra, así como da execución e xustificación dos gastos, de acordo coas normas e procedementos propios e coa normativa xeral vixente.
- Establecerá, se é o caso, os mecanismos de recoñecemento académico dos cursos, actividades ou materias impartidas na Cátedra, nos termos previstos na normativa que resulte de aplicación.
- Difundirá a participación e a colaboración do Parlamento de Galicia e da Xunta de Galicia en todas as actividades que se realicen ao abeiro da Cátedra.
- Outorgaralle o necesario recoñecemento institucional á Cátedra.

A sinatura deste convenio comportará a autorización aos órganos xestores para solicitar as certificacións que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a



Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

A USC facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería Facenda e Administración Pública, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

#### **Oitava.** Orzamento da Cátedra e financiamento

O orzamento de execución das actividades obxecto deste convenio ascende a setenta e dous mil euros (**72.000,00 €**) para o período 2024-2027.

**O Parlamento de Galicia** financiará as actuacións obxecto deste convenio cunha achega máxima de dezoito mil euros (18.000 €) para o período 2024-2027, con cargo á partida orzamentaria 01.01.111B.444.00 do orzamento do Parlamento de Galicia, coa seguinte desagregación:

| Aplicación       | 2024   | 2025   | 2026   | 2027   |
|------------------|--------|--------|--------|--------|
| 01.01.111B.444.0 | 3000 € | 5000 € | 5000 € | 5000 € |

As cantidades anteriores irán destinadas a financiar tanto as actuacións de coordinación e desenvolvemento das actividades inherentes ao convenio, como á difusión, investigación e formación propias da Cátedra.

**A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades** financiará as actuacións obxecto deste convenio cunha achega máxima de dezoito mil euros (18.000 €) para o período 2024-2027, con cargo á partida orzamentaria 10.02.151A.640.0 do orzamento do 2024, coa seguinte desagregación :

| Aplicación   | 2024   | 2025   | 2026   | 2027   |
|--------------|--------|--------|--------|--------|
| <b>640.0</b> | 3000 € | 5000 € | 5000 € | 5000 € |

As cantidades anteriores irán destinadas a financiar as actuacións e desenvolvemento das actividades inherentes ao convenio de difusión, investigación e formación propias da Cátedra.

Pola súa parte, a **USC** contribuirá ao mantemento da Cátedra cunha achega en especie cuantificada nunha cantidade equivalente á suma das achegas das outras partes do convenio para cada ano, segundo o previsto no cadro de financiamento, ata un total de **36.000 €**. Esta achega incluírá a infraestrutura necesaria para a realización do programa anual de actividades da Cátedra, que incluírá aulas e salas adecuadas, material bibliográfico, bases de datos, espazos web, materiais didácticos e informativos, material informático e audiovisual e outros que se precisen.

#### Cadro financiamento

| 2024   | 2025     | 2026     | 2027     |
|--------|----------|----------|----------|
| 6000 € | 10.000 € | 10.000 € | 10.000 € |

Este convenio non terá carácter oneroso e as achegas previstas nesta cláusula irán destinadas a cubrir o custo da actividades da Cátedra sen que a USC obteña lucro ningún.

En todo caso, o gasto proxectado queda sometido á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para tal fin nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2024, 2025, 2026 e 2027 e ao disposto na Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001.

#### **Novena. Xustificación e pagamento**

1. A documentación requirida na fase xustificativa presentárase electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante (<https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>). O código de procedemento é: PR004A.

O pagamento das achegas económicas do Parlamento de Galicia e da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades poderase realizar a medida que se xustifique a realización das actividades descritas no convenio mediante pagamentos parciais, cun máximo de dous aboamentos a conta da liquidación definitiva por un importe non superior ao 20 % da cantidade prevista para cada anualidade.

2. Para recibir as achegas económicas do Parlamento de Galicia e da Xunta de Galicia, a USC debe presentar electronicamente con cada xustificación parcial e coa última a seguinte documentación:

- Un certificado da persoa responsable da Xerencia da USC, ou do órgano de control que corresponda, que acredite a toma de razón en contabilidade de que se executou o obxecto do convenio e de que as achegas das partes cofinanciadoras foron destinadas integramente ao desenvolvemento do obxecto do convenio.
- Unha memoria asinada pola persoa que ocupe a Dirección da Cátedra na que se fará constar de forma detallada as accións realizadas, incluíndo as resolucións de concesión de premios aos TFG e TFM e das concesións de axudas de investigación, os resultados obtidos de todas as actividades e as incidencias máis significativas.
- As facturas correspondentes aos gastos realizados e xustificados, acreditacións do pagamento dos premios e axudas á investigación. No caso da xustificación final comprenderán todos os gastos efectuados ata o 31 de decembro da anualidade á que correspondan.

A data límite para presentar a documentación xustificativa final será o 31 de xaneiro do exercicio fiscal seguinte á anualidade xustificada.

No caso de que a xustificación dos gastos e dos pagamentos sexa inferior ao importe do convenio para cada anualidade, a achega das partes reducirase na mesma proporción. Ao abeiro do artigo 48.6 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, as achegas económicas que os asinantes se comprometen a realizar non poderán superar os gastos derivados da execución do convenio e a USC recibira o custo real sen que poida haber lucro ningún.

5. O pagamento realizarase na conta bancaria que sinala a USC, mediante o certificado acreditativo da súa titularidade.

6. Para o pagamento á USC das cantidades que figuran neste Convenio a USC deberán presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda e Administración Pública.

- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Función Pública.
- Un certificado de estar ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

Non obstante o anterior, a sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor (SXPL) para que poda solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

7. A USC facilitará toda a información que lle requira o Parlamento de Galicia ou a Xunta de Galicia, a través da SXPL, así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Intervención Xeral da Administración do Estado, o Consello de Contas e/ou o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

8. Para os efectos de axilizar a tramitación dos pagamentos do convenio polas partes asinantes, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da SXPL, asumirá as tarefas de comprobación das xustificacións parciais e final que presente a USC para acreditar o cumprimento anual do obxecto do convenio. Sen prexuízo diso, logo da comprobación que corresponda, a SXPL dará conta do resultado ao Parlamento de Galicia e facilitaralle unha copia de toda a documentación presentada pola USC, xunto coa certificación da realización das actuacións pola USC no momento en que proceda tramitar os pagamentos e coa periodicidade que corresponda. Cada ente cofinanciador tramitará o expediente administrativo para o pagamento da súa achega e o Parlamento de Galicia cumprirá con todas as obrigas que lle correspondan nesta fase.

#### **Décima. Resultados conxuntos**

As partes compartirán os dereitos de propiedade intelectual sobre os traballos correspondentes ás actuacións obxecto do convenio. Así, todos os dereitos de explotación dos traballos de investigación realizados no marco da Cátedra durante a vixencia do presente convenio pertencen conxuntamente ao Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia e á USC, en función da participación dos diferentes intervenientes, de

acordo coa lexislación vixente, e deberase citar o persoal investigador en calidade de autor ou autora.

Ningunha das partes lle poderá ceder a un terceiro os dereitos e as obrigas adquiridas en virtude deste convenio, agás expresa autorización por escrito das outras partes do convenio. Non obstante, o Parlamento de Galicia a Xunta de Galicia o, en cumprimento dos seus fins institucionais, poderán utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo e calquera tipo de dato, resultado, análise, informe e conclusión que derive das actuacións obxecto do convenio.

#### **Décimo primeira. Difusión de actividades**

As partes, de mutuo acordo, acordarán as accións de comunicación oportunas para a difusión dos resultados das investigacións realizadas, no marco das actividades da Cátedra.

En todas as comunicacións públicas das actividades da Cátedra, en publicacións ou noutros medios de difusión, deberá constar a colaboración entre o Parlamento de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a USC, e utilizaranse os anagramas ou logos que correspondan, segundo o previsto pola normativa de identidade corporativa do Parlamento de Galicia, da Xunta de Galicia e da USC.

Sexa cal sexa o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención das outras partes deste convenio.

#### **Décimo segunda. Vixencia e prórroga**

Este convenio entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2024 e terá vixencia ata o 31 de decembro do ano 2027, agás que sexa denunciado por escrito por algunha das partes asinantes polo incumprimento dos compromisos que nel se recollen, con polo menos un mes de antelación.

Antes da finalización do prazo de vixencia, as partes asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un máximo dun ano máis. De prorrogarse o convenio, na correspondente addenda estableceranse as obrigas concretas das partes asinantes.



XUNTA  
DE GALICIA

PARLAMENTO  
DE GALICIA



A duración da cátedra institucional Rosalía de Castro está vinculada a vixencia do convenio, de modo que a cátedra extinguirase ao vencemento do convenio ou, de ser o caso, da prórroga deste, estipulada como máximo en un ano máis.

#### **Décimo terceira. Modificación e causas de resolución**

1. Se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias imprevistas debidamente xustificadas, a USC quixera modificar ou cambiar algunhas das actividades recollidas no texto do convenio, esta modificación ou cambio instrumentarase de común acordo con todas as partes intervenientes mediante a correspondente addenda, na que deberán constar as novas obrigas asumidas e, se é o caso, os recursos destinados a financiarlas.

2. Este convenio tamén poderá ser obxecto de modificación cando esta teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

3. Sen prexuízo do establecido na normativa vixente, serán causas de resolución deste convenio as seguintes:

- O transcurso do prazo de vixencia.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas.
- A aplicación dos fondos para fins distintos dos previstos no convenio.
- A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

#### **Décimo cuarta. Utilización da lingua galega**

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberán levarse a cabo de acordo co indicado nas vixentes Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente o respecto rigoroso á toponimia oficial, nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento da referida estipulación será considerada causa específica de resolución deste convenio.



XUNTA  
DE GALICIA



#### **Décimo quinta. Desagregación de datos por sexo**

En cumprimento do disposto na Lei 13/ 2021, de 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación, toda recollida de datos relativa ao convenio deberá incluír variables que posibiliten o coñecemento da diferente situación e os resultados en mulleres e homes separadamente. Esta cláusula será aplicable para o caso de que se realicen estatísticas e/ou estudos en desenvolvemento das actividades do convenio.

#### **Décimo sexta. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno**

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da persoa interesada á Administración para que inclúa e faga públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

#### **Decimo séptima. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais**

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal, autonómica e da USC que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio, respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE do 6 de decembro de 2018), e adoptaranse as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e a integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

#### **Décimo oitava. Administración dixital**

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG do 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais, e tamén será aplicable á USC.

### **Décimo novena. Responsabilidade das actuacións**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e o Parlamento de Galicia e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a estas institucións non se lles pode esixir responsabilidade ningunha –nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos producidos no desenvolvemento do convenio.

### **Vixésima. Réxime xurídico e xurisdición aplicable**

Este convenio ten carácter administrativo e, polo tanto, os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que se trata dun dos supostos de exclusión do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE do 9 de novembro de 2017), segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto, e de acordo co artigo 4 da citada lei, aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver as dúbidas e as omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma verificará a correcta aplicación destas achegas mediante a aplicación das técnicas de fiscalización e auditoría previstas no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e nas normas que a desenvolven e demais normativa vixente.

Rexerase, así mesmo, polo establecido na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como no Regulamento de creación e réxime de funcionamento das cátedras institucionais da USC, aprobado o 7 de febreiro de 2020. O artigo 3 do citado regulamento recolle o procedemento de creación das cátedras e,

no artigo 4, establécese o contido mínimo que debe incluír o convenio no que se formalice a devandita creación e que para iso será necesario un acordo de aprobación do Consello do Goberno da USC.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que xurdan da aplicación deste convenio.

En proba de conformidade, as partes asinan telematicamente este convenio.

Pola Xunta de Galicia

Polo Parlamento de Galicia

Pola Universidade de Santiago  
de Compostela

O Conselleiro de Cultura,  
Educación, Formación Profesional y  
Universidades

O Presidente

O Reitor

Román Rodríguez González

Miguel Ángel Santalices Vieira

Antonio López Díaz